

PAU 2025
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
CORO E TÉCNICA VOCAL II
(Cód. 81)

Os criterios de avaliación atéñense ao establecido para esta materia e curso no currículo oficial vixente (Decreto 157/2022 de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

Estes criterios aplícanse de acordo cos contidos e competencias referidas ás preguntas concretas da proba.

A cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, ata un máximo de **1 punto**.

A distribución da puntuación para cada pregunta e/ou apartado é a que figura no MODELO DE EXAMEN publicado na páxina oficial da CIUG.

Con carácter máis concreto, atenderase ás indicacións que seguen, para cada pregunta.

Pregunta 1 (3 puntos).

- Xénero: 0,25 ptos
- Estilo: 0,25 ptos.
- Contexto histórico (histórico-cultural): 0,25 ptos
- Aspectos formais: 1,5 ptos. A distribución da puntuación entre os diferentes ítems a comentar (tipos de voces, relación texto-música, estrutura formal, etc.) é variable, toda vez que estes ítems, poden estar presentes nas diferentes partituras posibles da proba, de un modo variable.
- Redacción da resposta: ordenamento, xerarquización de contidos, emprego de terminoloxía específica. 0,75

Pregunta 2 (2 puntos)

Por cada apartado da pregunta (catro apartados): 0,5 puntos

Pregunta 3 (3 puntos)

Por cada apartado da pregunta (tres apartados): 1 punto.

Pregunta 4 (2 puntos)

De acordo co indicado no enunciado da pregunta: Cada acerto suma 0,25 puntos e cada erro resta 0,125 puntos.

NOTA XERAL: A puntuación indicada para cada ítem, enténdese como máxima para o caso de respostas completamente correctas. Poderáse outorgar unha puntuación a un ítem por riba de 0 e ata o máximo indicado en cada ítem, no caso de resposta parcialmente correcta. Agás no caso da pregunta 4, que se puntuará cada resposta únicamente como completamente correcta, ou incorrecta.